

**D<sup>a</sup>. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **16 de novembro de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

**3.- PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE VIGO E XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, EXERCICIO 2017: PROPOSTA SOBRE AS EMENDAS PRESENTADAS E DE APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 38/142.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do concelleiro de Orzamentos e Facenda, de data 15/11/16, que di o seguinte:

*A Comisión de Orzamentos (Xestión Municipal), en xuntanza celebrada o día 9 de outubro de 2016, en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais, poidan presentar emendas aos Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria celebrada o día 8 de novembro de 2016.*

*O prazo fixado comezou o 09/11 e rematou o día 14/11/2016*

*Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno, fixeron uso da prerrogativa e presentaron emendas ao Orzamento no prazo previsto pola Comisión do que queda constancia no expediente coa data do rexistro das mesmas.*

*No informe do Sr. Tesoureiro, Director Superior Contable e Ozamentario, enumera as principais limitacións a ter en conta na avaliación das emendas aos efectos de respectar o contido do artigo 83.5 do Regulamento Orgánico do Pleno e de non por en risco os obxectivos de estabilidade orzamentaria e da Regra de Gasto contidos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.*

*No prazo fixado, con data 14/11/2016, a Sra. Concelleira Dona Elena Muñoz Fonteríz, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 1461/1101, presentou emenda parcial, propondo diminución de ingresos, aumentos e diminucións en determinadas aplicacións así como a creación de aplicacións novas que conforman o Proxecto de Orzamento sometido a ditame da Comisión.*

*A proposta non vai entrar no detalle de cada unha das aplicacións, estudo que contén o informe técnico, e vai a reflectir as conclusións do informe emitido polo Responsable Superior Contable e Orzamentario, na que se motiva a imposibilidade legal e técnica de facer unha valoración positiva da emenda.*

*A emenda presentada, dende unha perspectiva formal, axústase ao previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016, xa que tratándose dunha emenda incrementalista, ten a súa orixe en baixas doutras aplicacións, estando polo tanto equilibrada formalmente, non alterando cuantitativamente os orzamentos aprobados.*

*Sobre a redución dos conceptos de ingresos por unha porcentaxe do 3%, a cuantificación reflectida no orzamento de ingresos é de 3.234.839,26 euros.*



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 22/12/2016 08:43	Páxina 1 de 7
Expediente 38/142	Código de verificación: 28E24-BB22D-2CE55-5ED2B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*As Ordenanzas non están en trámite de emendas, a redución de ingresos proposta, non ten efectividade, non se axustaría ao ROP, nin tería repercusión sobre as contías previstas no proxecto do orzamento do ano 2017, tendo en conta o expediente sobre tipos impositivos e taxas aprobados inicialmente polo Pleno en sesión de 3 de outubro de 2016, neste sentido, trátase dunha emenda xa debatida.*

*En relación cos recursos para financiar o incremento de gastos, sendo a contía da baixa proposta no apartado 2 da emenda, capítulo 2 do estado de gastos consolidado, de 9.571.613,28 euros, e os incrementos e novas dotacións contidas nos apartados 3 e 4 da emenda de 6.736.774,02 euros aos que hai que engadir a redución dos ingresos nunha contía de 3.234,839,26 euros, a mesma faise inviable, por non ser posible unha redución xeneralizada do capítulo 2.*

*A emenda produce os seguintes efectos:*

*Incumprimento nas dotacións para facer fronte aos contratos formalizados en vigor.*

*Prodúcese un desequilibrio orzamentario, ao existir obrigas dos contratos que non estarían orzamentadas, afectando ao cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e a Regra de Gasto.*

*Xeración dun déficit oculto, con novos empregos sen a redución legal e técnica dos anteriores.*

*Ademais do desequilibrio anterior, xera outro, que ven determinado polos maiores e novos empregos que non teñen recursos que os financien.*

*En canto aos créditos do capítulo 2 que non están afectos directamente a contratos, tampouco é posible determinar se a redución do 8% permite garantir o funcionamento operativo dos servizos públicos.*

*En canto á redución dos ingresos correspondentes ao IBI, IAE IVTM, e Taxas pola recollida do lixo, as Ordenanzas xa superaron o trámite de emendas, polo que non é posible nesta fase a redución dos ingresos.*

*Tendo en conta o anterior, as ordenanzas téñense que aplicar segundo o acordado, a redución de ingresos proposta, non ten efectividade, xa foi rexeitada en sesión plenaria do 3 de outubro de 2016.*

*Así mesmo, as aplicacións de nova creación, sen prexuízo da dificultade de obter os recursos pola baixa xeneralizada do 8% no capítulo 2 dos estados consolidados, son de apreciación e de oportunidade política que non poden ter unha avaliación técnica.*

*En data 14/11/2016, o Sr. Concelleiro, Don Rubén Pérez Correa, voceiro do Grupo Municipal da MAREA DE VIGO, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 1460/1101, presentou emenda á totalidade do proxecto de Orzamento sometido a ditame da Comisión.*

*A emenda presentada por MAREA DE VIGO, é unha emenda a totalidade sen proxecto alternativo, fundamentando a mesma en valoracións políticas sen empregos alternativos dos recursos, que non poden ser obxecto de avaliación neste informe, por tratarse de apreciacións de contido de oportunidade política que non pode ter unha avaliación técnica.*

*O informe técnico fai as aclaracións e matizacións pertinentes en relación co contido da mesma, pondo de manifesto que as variacións tanto no estado de gastos como no de ingresos, non teñen un cálculo correcto.*



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/12/2016 08:43

Páxina 2 de 7

Expediente 38/142

Código de verificación: 28E24-BB22D-2CE55-5ED2B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

En consecuencia, propónse a Comisión Informativa a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Rexeitar a emenda presentada pola Sra. Concelleira Dona Elena Muñoz Fonteríz, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 1461/1101, que propón unha baixa xeneralizada do 8% nos créditos do capítulo 2 dos estados consolidados que non é posible facerlle fronte, por estar afectados case na súa totalidade a contratos en vigor, polo que, os devanditos contratos quedarían sen cobertura orzamentaria. Ademais, tampouco é posible determinar si é legal e tecnicamente posible a redución do prezo dos contratos tendo en conta a súa repercusión nas plantillas de persoal adscrito e o número de desempregados que podería xerar a mesma.

Sendo a contía da baixa proposta no apartado 2, capítulo 2, de 9.971.613,28 euros, dos que 9.571.613,28 euros, correspóndese coa baixa xeneralizada do capítulo 2 e os incrementos e novas dotacións contidas nos apartados 3 e 4 da emenda de 6.736.774,02 euros, a mesma faise inviable, xa que ao non ser reducible o capítulo 2, non hai recursos para o financiamento dos incrementos e novas dotacións, incumprindo en termos legais co previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno, é dicir, estamos ante unha emenda que non está equilibrada, xerando desequilibrios que afectarían ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

En síntese, a emenda produce os seguintes efectos:

*Incumprimento nas dotacións para facer fronte aos contratos formalizados en vigor.*

*Prodúcese un desequilibrio orzamentario, ao existir obrigas dos contratos que non estarían orzamentadas, afectando ao cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e a Regra de Gasto.*

*Xeración dun déficit oculto, con novos empregos sen a redución legal e técnica dos anteriores.*

*Ademais do desequilibrio anterior, xera outro, que ven determinado polos maiores e novos empregos que non teñen recursos que os financien.*

*En canto aos créditos do capítulo 2 que non están afectos directamente a contratos, tampouco é posible determinar se a redución do 8% permite garantir o funcionamento operativo dos servizos públicos.*

*En canto á redución dos ingresos correspondentes ao IBI, IAE IVTM, e Taxas pola recollida do lixo, as Ordenanzas xa superaron o trámite de emendas, polo que non é posible nesta fase a redución dos ingresos.*

*En relación cos ingresos, as ordenanzas téñense que aplicar segundo o acordado, a redución de ingresos proposta, non ten efectividade, xa foi rexeitada en sesión plenaria do 3 de outubro de 2016.*

Segundo.- Rexeitar a emenda presentada polo Sr. Concelleiro, Don Rubén Pérez Correa, voceiro do Grupo Municipal da MAREA DE VIGO, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 1460/1101, por non concretar unha alternativa que de viabilidade a outro modelo de xestión, tendo como finalidade a paralización da actividade municipal.

*O informe técnico fai as aclaracións e matizacións pertinentes en relación co contido da mesma, pondo de manifesto que as variacións tanto no estado de gastos como no de ingresos, que reflicte a emenda, non teñen un cálculo correcto.*

*En todo caso, a evolución do gasto social deste Concello, non é discutible, a Memoria do Orzamento, o Informe económico e a proposta de aprobación inicial, non xera dúbidas sobre a vontade deste Goberno por atender aos máis necesitados, polo tanto, consideramos que a*



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 22/12/2016 08:43	Páxina 3 de 7
Expediente 38/142	Código de verificación: 28E24-BB22D-2CE55-5ED2B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

proposta xenérica que está a facer o Grupo Municipal DA MAREA DE VIGO, xa está contida de forma concreta e específica no Proxecto de Orzamento en trámite.

Terceiro. - Mantense a proposta a Pleno da Corporación, asinada polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda o día 02/11/2016, non habendo alteración algunha en relación co Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 8 de novembro de 2016.

Cuarto. - ao non alterar os recursos nin empregos do orzamento informado polo Sr. Interventor Xeral, non require sometelo a novo informe.

Quinto. - unha vez votada o rexeitamento das emendas, sométese a ditame da Comisión a seguinte proposta:

**PRIMEIRO**. - Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2017, integrado por:

- Orzamento da Entidade Local.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.

Coa seguinte clasificación e ordenación dos recursos e empregos:

Proxecto de Orzamentos por Áreas de Gasto Entidade e consolidado, comparativo 2016-2017

Área	Descrición	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2017	2016		2017	2016	
0	Débeda Pública	,00	2.907.210,82	-100,00%	,00	2.907.210,82	-100,00%
1	Servizos Públicos básicos	115.904.718,25	111.689.558,63	3,77%	118.262.805,78	111.947.227,85	5,64%
2	Actuación de protección e promoción social	20.564.950,32	18.952.703,38	8,51%	20.564.950,32	18.952.703,38	8,51%
3	Produción B. públicos carácter preferente	40.120.794,86	38.461.259,75	4,31%	40.120.794,86	38.461.259,75	4,31%
4	Actuacións de carácter económico	18.380.632,18	19.412.709,69	-5,32%	18.380.632,18	19.412.709,69	-5,32%
9	Actuacións de carácter Xeral	35.765.410,39	34.249.874,93	4,42%	35.765.410,39	34.249.874,93	4,42%
<b>Total</b>		<b>230.736.506,00</b>	<b>225.673.317,20</b>	<b>2,24%</b>	<b>233.094.593,53</b>	<b>225.930.986,42</b>	<b>3,17%</b>



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/12/2016 08:43

Páxina 4 de 7

Expediente 38/142

Código de verificación: 28E24-BB22D-2CE55-5ED2B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Proxecto de Orzamento da Entidade Local e Estados Consolidados clasificado economicamente<sup>1</sup>

Estado de gastos do Orzamento			Estado de ingresos do Orzamento		
Capítulo	Entidade	Consolidado	Capítulo	Entidade	Consolidado
I	64.636.637,38	68.531.459,73	I	105.386.182,34	105.386.182,34
II	118.126.501,49	119.645.166,67	II	7.871.804,00	7.871.804,00
III	7.030,00	7.030,00	III	37.245.569,63	38.326.169,63
IV	32.884.979,13	27.061.579,13	IV	77.338.950,03	76.081.437,56
V	600.000,00	600.000,00	V	2.168.000,00	2.178.000,00
<b>TOTAL G.Co.Op.NF</b>	<b>216.255.148,00</b>	<b>215.845.235,53</b>	<b>TOTAL I.Co.Op.NF</b>	<b>230.010.506,00</b>	<b>229.843.593,53</b>
VI	13.528.498,00	16.221.498,00	VI	,00	2.500.000,00
VII	305.000,00	355.000,00	VII	80.000,00	80.000,00
<b>TOTAL G.Cp.Op.NF</b>	<b>13.833.498,00</b>	<b>16.576.498,00</b>	<b>TOTAL I.Cp.ONF</b>	<b>80.000,00</b>	<b>2.580.000,00</b>
<b>TOTAL G.Op.NF</b>	<b>230.088.646,00</b>	<b>232.421.733,53</b>	<b>TOAL I.Op.NF</b>	<b>230.090.506,00</b>	<b>232.423.593,53</b>
VIII	647.860,00	672.860,00	VIII	646.000,00	671.000,00
IX	,00	,00	IX	,00	,00
<b>TOTAL G.Op.Cp.F</b>	<b>647.860,00</b>	<b>672.860,00</b>	<b>TOTAL I.Op.Cp.F</b>	<b>646.000,00</b>	<b>671.000,00</b>
<b>TOTAL G.Op.Cp.</b>	<b>14.481.358,00</b>	<b>17.249.358,00</b>	<b>TOTAL I.Op.Cp.</b>	<b>726.000,00</b>	<b>3.251.000,00</b>
<b>T.X. GASTOS</b>	<b>230.736.506,00</b>	<b>233.094.593,53</b>	<b>T.X. INGRESO</b>	<b>230.736.506,00</b>	<b>233.094.593,53</b>

Proxecto de Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2017	Importe 2016	Variación %	Importe 2017	Importe 2016	Variación %
1	3.894.822.35	3.894.822.35	0.00%			
2	1.518.665.18	1.440.240.37	5.45%			
3				1.080.600.00	1.365.489.77	-20.86%
4	1.325.512.47	1.375.512.47	-3.64%	5.891.400.00	5.705.407.84	3.26%
5				10.000.00	24.000.00	-58.33%
6	2.693.000.00	384.322.42	600.71%	2.500.000.00		100.00%
7	50.000.00		100.00%			0.00%
8	25.000.00	25.000.00	0.00%	25.000.00	25.000.00	0.00%
Total	9.507.000.00	7.119.897.61	33.93%	9.507.000.00	7.119.897.61	33.53%

- 1 Os axustes nos estados consolidados afectan ás operacións internas imputadas aos artigos 40, 41, 70 e 71 dos estados de gastos e ingresos, eliminándose as transferencias correntes e de capital que a Entidade fai a XMU, e os ingresos que o organismo fai á Entidade. Ase mesmo, o axuste faise na XMU seguindo o mesmo criterio.



*SEGUNDO.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e Xerencia Municipal de Urbanismo, coa excepción da regulación propia que se aprobo para o Organismo.*

*TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*CUARTO.- Aprobar o cadro de persoal e plantilla da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*QUINTO.- Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2017-2020, que quedará sometido aos axustes que cada no se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.*

*SEXTO.- Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

*SÉTIMO.- O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resoven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).*

*En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2017, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.*

*Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ao interese xeral.*

*Se a Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 ou outra norma de igual rango, alterase as contías nas entregas a conta para o ano 2017, procederase a facer os axustes para facer fronte aos cambios introducidos polo devandito corpo legal se estas tivesen unha repercusión negativa.*

*O Pleno da Corporación pronunciarase, previo acordo da Xunta de Goberno Local e ditame da Comisión Informativa, á proposta da Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda previo informe da Intervención Xeral Municipal.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade á precedente proposta.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 22/12/2016 08:43	Páxina 6 de 7
Expediente 38/142	Código de verificación: 28E24-BB22D-2CE55-5ED2B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 22/12/2016 08:43

Páxina 7 de 7

Expediente 38/142

Código de verificación: 28E24-BB22D-2CE55-5ED2B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>